

CERTAME ARTÍSTICO E LITERARIO

RELATO BREVE E POESÍA 2020



CONCELLO DE
ROIS

CERTAME ARTÍSTICO E LITERARIO. Relato breve e poesía

O Día Mundial do Libro e dos Dereitos de Autor celébrase todos os anos o 23 de abril, data en que se pon de manifesto o papel que desempeña o libro na sociedade dos nosos días. En Galicia, coincide esta data moi próxima ao Día das Letras Galegas, o 17 de maio, día en que Galicia honra as súas letras e a súa lingua e que este ano se lle dedica a Ricardo Carballo Calero. Estas celebracións son o motivo polo que poñemos en marcha o **Certame artístico e literario de relato breve e poesía**.

As bases, **modificadas o 23 de marzo de 2020 pola ampliación do estado de alarma pola crise do coronavirus**, que o rexen son as seguintes:

PRIMEIRA

Poderán participar cantas persoas desexen sen límite de idade, para o que se crean as seguintes categorías: *ata 6 anos, 7-8 anos, 9-11 anos, 12-14 anos, 15-17 anos e maiores de 18 anos*.

SEGUNDA

As persoas participantes presentarán un único texto en galego, orixinal e inédito, para o que se estipula un máximo de dez folios (narrativa) ou de 10 a 60 versos (poesía).

O escrito presentárase a ordenador co seguinte formato: DIN A4, letra arial, xustificado, tamaño de letra 12, interliñado 1,5 cm, marxes superior e inferior 2,5 cm e esquerda e dereita 3 cm.

TERCEIRA

Os traballos presentados deben incorporar algún elemento característico do concello de Rois. **Deben responder ao tema proposto; do contrario, non entrarán a concurso.**

CUARTA

Os participantes na categoría de ata 6 anos, así como aquelas persoas que non manexen a lectoescritura, poderán substituír os textos por debuxos que se realizarán en grupo ou individualmente, empregando a técnica que consideren máis axeitada para o seu traballo. Presentaranse nunha folla DIN A3.

QUINTA

O prazo de presentación dos traballos remata o **luns 20 de abril**. A entrega pódese facer no Concello de Rois, en Samil nº1, en horario de 09.00 a 14.00 horas, ou no edificio multiúsos de Rois.

Por mor da crise do coronavirus Covid-19 e do decreto de estado de alarma decretado polo Goberno do Estado, os traballos poderán enviarse por correo electrónico ao mail cultura@rois.es, remitindo 2 arquivos adxuntos. Nun figurará o traballo que se presenta a concurso (en formato word, pdf ou jpg (unha foto no caso das categorías que admitan debuxo) e, no outro arquivo, a ficha cos datos que figuran na cláusula sexta. Unha vez levantado o estado de alarma e para poder recibir o seu premio, os participantes deberán presentar os traballos orixinais por escrito nas condicións indicadas na cláusula sexta.

SEXTA

Cada traballo presentárase dentro dun sobre grande que conterá tamén unha ficha cos seguintes datos: nome e apelidos, enderezo, data de nacemento, teléfono/s de contacto e título do traballo. No caso do alumnado, tamén constará o centro e o nivel educativo.

SÉTIMA

O alumnado poderá realizar os traballos a ordenador ou a man, pero os seleccionados de cada aula estarán pasados a ordenador.

OITAVA

O xurado estará composto por persoas relacionadas co mundo da cultura e da educación e coñecedoras da realidade municipal.

NOVENA

A entrega de premios ás dúas mellores obras de cada categoría terá lugar en maio, data en que se exporán ao público todos os traballos presentados. Na categoría de 15-17 anos, os premios serán en metálico, cun importe de 60 euros para os primeiros e 30 euros para os segundos. Na categoría de maiores de 18 anos, os premios, tamén en metálico, serán de 100 euros para os primeiros e 50 euros para os segundos. No resto das categorías, os premios consistirán nun lote de libros.

Todas as persoas participantes recibirán un diploma acreditativo.

DÉCIMA

A participación neste certame supón a total aceptación das súas bases e da resolución do xurado.

O Concello de Rois resérvase o dereito a facer uso dos traballos premiados.

Pode obter máis información nos teléfonos 981804109 (de 09.00 a 14.00) e 981816061 ou a través dos enderezos electrónicos concelloderois@gmail.com e cultura@rois.es